

CONSULTA 2/17 AO COMISIONADO DA TRANSPARENCIA DE GALICIA, REMITIDA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE O ALCANCE DA PREVISIÓN DE PUBLICIDADE ACTIVA PREVISTA NO ART. 10.C) DA LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO, RELATIVA AOS LIBERADOS OU LIBERADAS SINDICAIS E AOS CUSTES ASOCIADOS

1. CONTIDO DA CONSULTA

O 8 de xuño de 2017 a Universidade de Vigo solicita do Valedor do Pobo, como Comisionado da Transparencia, que aclare que información nominal debe ser publicada aos efectos do previsto no art. 10.c) da Lei galega 1/2016, e para que indique se a información que a universidade ten previsto publicar cumpre coas obrigas legais (achega un borrador).

Alega que “algunhas organización sindicais teñen manifestado, baseándose na LOPD, a súa desconformidade con que se publique a vinculación sindical de cada persoa sen que haxa consentimento expreso por parte de cada una delas. Sen embargo, a lei di “relación nominal de persoas e organizacións sindicais ás cales están vinculadas ...” sen mencionar a necesidade de tal consentimento”.

2. COMPETENCIA DO COMISIONADO DA TRANSPARENCIA

O artigo 32 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sinala o seguinte: “1. Créase o Comisionado da Transparencia e atribúenselle as súas funcións ao Valedor do Pobo. 2. O Comisionado da Transparencia é o órgano independente de control do cumprimento das obrigas comprendidas neste título por parte dos suxeitos incluídos no seu ámbito de aplicación. 3. O Comisionado da Transparencia exercerá as seguintes funcións: a) Responder ás consultas que, con carácter facultativo, lle sexan formuladas polos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei ...”.

Por tanto, o Valedor do Pobo, como Comisionado da Transparencia de Galicia, é competente para responder á consulta.

3. NORMATIVA APLICABLE

Tal e como menciona a consulta, o art. 10.c) da Lei 1/2016 sinala como obriga de publicidade activa no ámbito da información en materia de persoal, ademais da que procede segundo a normativa básica en materia de transparencia, “os permisos para a realización de funcións sindicais, liberados e liberadas sindicais tanto de carácter institucional coma as dispensas

sindicais, distribuídos segundo relación nominal de persoas e organizacións sindicais ás cales están vinculados, así como todos os custos que estas orixinan. Crédito horario total que ten cada organización sindical e a súa distribución segundo relación nominal de persoas, así como todos os custos que estas orixinan”.

Esta obriga de publicidade activa afecta “os suxeitos citados no artigo 3.1, no ámbito das súas competencias”, e o art. 3.1 menciona (apartado b) “as universidades do Sistema universitario de Galicia e ás entidades vinculadas ou dependentes delas”.

Por tanto, a Universidade de Vigo atópase afectada pola obriga de publicidade activa que tratamos.

4. LÍMITES DA TRANSPARENCIA POR RAZÓN DA PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS

O art. 15.1 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece, no relativo á protección de datos persoais, que “si la información solicitada contuviera datos especialmente protegidos a los que se refiere el apartado 2 del artículo 7 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, el acceso únicamente se podrá autorizar en caso de que se contase con el consentimiento expreso y por escrito del afectado, a menos que dicho afectado hubiese hecho manifiestamente públicos los datos con anterioridad a que se solicitase el acceso”. Os datos aos que se refire ese artigo son os de carácter persoal que revelen a ideoloxía, afiliación sindical, relixión e crenzas.

A especial protección ten como consecuencia xurídica que prevaleza a reserva dos datos relacionados con esas materias, o que vén derivado da previsión do art. 16.2 da Constitución Española, que prevé que ninguén poida ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas.

Só en dous supostos non se aplica o anterior. Preveo o art. 15.1 da Lei 19/2013 e son:

-cando se conte co consentimento expreso e por escrito do afectado,

-ou cando o dito afectado fixese manifiestamente públicos os datos con anterioridade a que se solicitase o acceso.

Tanto a regulación das limitacións como as súas excepcións resultan aplicables ás administracións galegas, posto que se trata de lexislación básica. E resultan tamén aplicables á hora de interpretar o contido da publicidade activa prevista na Lei galega 1/2016, posto que os límites da normativa básica afectan de igual maneira ás solicitudes de acceso á información pública e á publicidade activa.

5. APLICACIÓN DOS LÍMITES AO CASO PROPOSTO

Para o caso examinado, e dado que nos atopamos ante datos especialmente protexidos dos do art. 7.2 da LOPD, en principio debera pedirse o permiso dos afectados e este debería ser expreso e por escrito. Porén, debe examinarse tamén a concorrencia da excepción prevista.

A previsión de reserva que tratamos ten a súa xustificación na protección da intimidade das persoas (art. 16.2 CE). Todas teñen dereito a manter na reserva ou a dar publicidade das circunstancias que tratamos.

Porén, no caso de determinadas persoas esas condicións teñen un carácter público e mesmo notoriedade pola súa actividade (líderes políticos ou sindicais, representantes que concorren a eleccións ...). Esa circunstancia libremente elixida fai que se promova o coñecemento das circunstancias que tratamos e non a súa reserva, ao contrario do que podería suceder con outras persoas.

Así, cando nunha información se atopen datos persoais especialmente protexidos como os que tratamos en principio é preciso recadar o permiso expreso e por escrito para facilitalos. Pero non será así cando a persoa concorrera a unhas eleccións ou sexa representante sindical, posto que neses casos debe entenderse que resulta aplicable a excepción: o afectado ten manifestado publicamente os datos.

Este é o criterio manifestado polo *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno* (CTBG) na súa publicación oficial "100 preguntas sobre transparencia". Na epígrafe 73 sinala que non é preciso pedir sempre o consentimento dos titulares cando aparezan datos persoais. "So cando nos atopemos ante datos especialmente protexidos e non houbera manifestación pública do titular (por exemplo, que se presentara a unhas eleccións ou que sexa representante sindical)".

Por tanto, a previsión da Lei galega 1/2016 (a identificación nominal dos representantes) é acorde coa normativa básica. Tal e como sinala a consulta, parece evidente que o art. 10.c) está a referirse a mención persoal ("*a Lei di "relación nominal de persoas e organizacións sindicais ás cales están vinculadas ..." sen mencionar a necesidade de tal consentimento*").

O CTBG sinalou tamén, con ocasión do exame dunha petición de información ao *Ministerio de Hacienda* ("liberados sindicais" e a súa organización, e os funcionarios e persoal laboral por departamentos ministeriais, organismos, entidades estatais, etc.; resolución 320/16), que "... a juicio de este Consejo de Transparencia y Buen Gobierno y dado el interés que se deriva de esta información, es importante que el número de liberados sindicales esté debidamente actualizado. Así, debe destacarse que dicha información ha sido recogida por varias de las legislaciones aprobadas por las Comunidades Autónomas en desarrollo de la LTAIBG como obligación de publicidad activa, citándose a título de ejemplo el artículo 10.1 I) de la Ley 1/2014, de 24 de junio, de Transparencia Pública de Andalucía".

O CTBG aborda aspectos relacionados coa cuestión noutras resolucións sobre a existencia de delegados sindicais en autoridades portuarias coas mesmas garantías que as dos membros dos comités de empresa e outras cuestións relacionadas. Respecto dunha delas (perfil competencial dos liberados sindicais) recoñécese que a información non é posible facilitala por vulnerar o art. 15 de la Lei 19/2013. Cita o CTBG o seu Criterio Interpretativo CI/002/2015, de 21 de maio de 2015, relativo á aplicación dos límites ao dereito de acceso a información. No caso examinado entón o CTBG aprecia que a información se refería a "liberados sindicais" e "hace referencia a un dato especialmente protegido, relativo a la afiliación sindical, a los que se refiere el apartado 2 del artículo 7 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, por lo que el acceso únicamente se podrá autorizar en caso de que se contase con el consentimiento expreso y por escrito de los afectados, a menos que dichos afectados hubiesen hecho manifiestamente públicos los datos con anterioridad a que se solicitase el acceso". Engade que o art. 15.4 da Lei 19/2013 prevé que *"no será aplicable lo establecido en los apartados anteriores si el acceso se efectúa previa disociación de los datos de carácter personal de modo que se impida la identificación de las personas afectadas"*. A disociación imposibilita conectar unha determinada información co titular da mesma.

6. INTERESE DA TRANSPARENCIA NO CASO EXAMINADO

A Lei 19/2013, de carácter básico case na súa totalidade, ten por obxecto "ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública" e "regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade" (art. 1). No seu preámbulo sinala que "a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos".

No caso examinado é de interese público a publicidade activa e actualizada do obxecto previsto no art. 10.c) da Lei 1/2016, posto que supón coñecer un detalle relevante do manexo dos fondos públicos relacionado co dereito constitucional á libre sindicación e á liberdade sindical (art. 28.1 CE).

7. CONCLUSIÓN

O art. 10.c) da Lei galega 1/2016 prevé a obriga de publicar de forma actualizada (publicidade activa) "os permisos para a realización de funcións sindicais, liberados e liberadas sindicais tanto de carácter institucional coma as dispensas sindicais, distribuídos

segundo relación nominal de persoas e organizacións sindicais ás cales están vinculados, así como todos os custos que estas orixinan. Crédito horario total que ten cada organización sindical e a súa distribución segundo relación nominal de persoas, así como todos os custos que estas orixinan”.

O dito artigo refírese á mención nominal do persoal afectado e é acorde co disposto na normativa básica, especialmente os límite en materia de protección de datos previstos no art. 15.1 da Lei 19/2013.

A normativa básica prevé que cando nunha información se atopen datos persoais especialmente protexidos do art. 7.2 da LOPD (entre eles os sindicais) será preciso recadar o permiso expreso e por escrito para publicalos, xa por medio de publicidade activa como por resposta á solicitude de acceso á información pública. Porén, a lei exceptúa diso os casos nos que o afectado manifestara publicamente os datos, o que fai que xa sexan públicos e desapareza a protección previa. Iso sucede cando a persoa concorrera a unhas eleccións ou sexa representante sindical.

No caso de non darse as anteriores circunstancias (eleccións ou representantes sindicais con publicidade necesaria para adquirir tal condición) debería aplicarse o criterio xeral; trataríase de datos especialmente protexidos do art. 7.2 LOPD e debería recadarse o consentimento expreso e por escrito do afectado.

Descoñécense as circunstancias individuais das persoas que forman parte do listado confeccionado pola Universidade de Vigo e se concorre a circunstancia que habilita a publicidade, de acordo co exposto. Corresponde á universidade facer a individualización que proceda.

O anterior criterio expone sen prexuízo de calquera outro mellor fundado.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

Fernando de Andrés Alonso
Secretario xeral